



Área / Unidad MOVILIDAD URBANA MU1100C SVC	Documento 851181011C	
Código de verificación 	Expediente 851/2024/21	
121E 3Z0U 1A61 3F2S 0MFS	Fecha 30-09-2024	

CONVOCATORIA ESPECÍFICA DE AXUDAS PARA O MANTEMENTO E COMPENSACIÓN DOS GASTOS DE TAXIS ADAPTADOS ÁS PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA DURANTE O EXERCICIO 2024

I.OBXECTO, FINALIDADE E NORMATIVA APLICABLE Á CONVOCATORIA

Base 1.- Obxecto e finalidade

De conformidade coas competencias atribuídas a este Concello polo art. 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, a Lei 13/2008, do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia, e en aplicación do art. 23 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, así como as normas de carácter regulamentaria que as desenvolven (RD 887/2006), convócanse subvencións para titulares dun taxi adaptado para o transporte de persoas con discapacidade, con licenza de taxi, no municipio da Coruña, para financiar gastos de conservación e mantemento dos taxis adaptados, no exercicio 2024.

Base 2.- Réxime xurídico

2.1. A presente convocatoria rexerase integramente polas presentes Bases, pola Ordenanza Municipal específica de subvencións do Servizo de Mobilidade Urbana (BOP nº 47, de data 26 de febreiro de 2008), pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, as demais normas de dereito administrativo que lle resulten de aplicación e axustándose, en todo caso, aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

Na tramitación do gasto derivado desta convocatoria específica terase en conta o establecido nas Bases 10ª.2.b) e 11ª de Execución do Orzamento municipal en vigor.

Así mesmo, resulta de aplicación a Lei 19/13, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Instrución de transparencia do Concello da Coruña, e a Ordenanza municipal para a igualdade na diversidade aprobada polo Pleno ordinario do 3 de outubro 2019 (BOP nº 204 do 25.10.2019)

2.2. As bases estarán a disposición dos interesados na sede electrónica do Concello da Coruña: <https://sede.coruna.gal/sede/gl> na web do Servizo de Mobilidade Urbana: <https://www.coruna.gal/movilidad>, na páxina web do Boletín Oficial da Provincia da Coruña: <http://bop.dicoruna.es/bopportal/> na Base de Datos Nacional de Subvencións: <http://www.infosubvenciones.es>

II.CRÉDITO ORZAMENTARIO

Base 3.- Crédito orzamentario

3.1. O importe global das subvencións obxecto desta convocatoria específica é de vinte e cinco mil euros (25.000,00 €), gasto imputable á aplicación orzamentaria 41.4412.47901 denominada “outras subvencións a empresas privadas” do orzamento municipal para o exercicio 2024.

3.2. Este crédito é o límite do importe das subvencións que se poidan conceder.

3.3. A contía establecida poderá ser incrementada por resolución do órgano competente, previa tramitación do expediente de modificación de crédito. De conformidade co disposto no artigo 58 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, no caso de que este crédito se incremente como consecuencia dunha modificación orzamentaria, esta contía adicional poderá aplicarse á concesión de subvencións sen necesidade dunha nova convocatoria.

A efectividade da contía adicional queda condicionada á declaración da dispoñibilidade de crédito.

Base 4.- Límite máximo da subvención para cada actividade ou proxecto

4.1. O importe global sinalado na base 3.1 dividirase en partes iguais entre todas as persoas solicitantes que reúnan os requisitos establecidos na convocatoria ata esgotar o crédito total sen que poida superarse a cantidade consignada anualmente polo Concello para esta finalidade, incluídos, no seu caso, os suplementos procedentes de modificacións orzamentarias, sen que a contía concedida a cada unha delas individualmente supere o importe xustificado coas facturas.

No caso de que a cantidade asignada mediante esta repartición a unha ou varias persoas beneficiarias exceda o límite subvencionable a cada unha delas, os importes restantes volverán dividirse a partes iguais entre os/as restantes beneficiarias/os ata esgotar o crédito orzamentario.

4.2. En ningún caso as subvencións poderán superar o importe máximo total das axudas 'de minimis' establecido en 200.000 euros durante un período de tres exercicios fiscais para unha mesma empresa, nin individualmente, nin como resultado da participación en agrupacións sen personalidade, de acordo co disposto no artigo 2.2 do Regulamento (CE) número 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas 'de minimis'.

Base 5.- Compatibilidade

Esta subvención é compatible con outras axudas, de entidades públicas ou privadas. En ningún caso o importe da subvención municipal poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outros ingresos, subvencións ou axudas, supere o custo da actividade ou proxecto xustificada pola persoa beneficiaria.

Se se dá o caso de exceso de financiamento, o reintegro do exceso farase a favor das entidades concedentes en proporción as subvencións concedidas por cada unha delas. Con todo, cando sexa o propio Concello quen advirta o exceso de financiamento esixirá o reintegro polo importe total do exceso, ata o límite da subvención outorgada por el.

III.GASTOS SUBVENCIONABLES

Base 6.- Gastos subvencionables

6.1. Gastos subvencionables: Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, e que realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2024 e a data de publicación da convocatoria no BOP da Coruña, e se inclúan entre os seguintes:

- a) Gastos de combustible
- b) Gastos de mantemento do vehículo
- c) Gastos de reparación do vehículo
- d) Gastos de seguros do vehículo
- e) Outros gastos correntes coincidentes coa natureza desta convocatoria

Admitiranse facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico mercantil ou con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos efectuados.



Concello da Coruña

As facturas ou documentos xustificativos deberán incluír o número de matrícula do taxi adaptado correspondente.

En todo caso, debe acreditarse fidedignamente no correspondente xustificante de gasto que este está directamente relacionado coa actividade ou proxecto de que se trate.

Considérase gasto realizado o efectivamente pagado entre o 1 de xaneiro de 2024 e ata a data de publicación da convocatoria no BOP da Coruña.

6.2. O custo dos gastos subvencionables non poderá ser superior ao valor de mercado.

6.3. Contratación con persoas ou entidades vinculadas:

En ningún caso poderán contratarse servizos ou subministracións con persoas ou entidades vinculadas nos termos descritos no apartado 2 do artigo 68 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, salvo que concorran as seguintes circunstancias:

- Que a contratación a realice de acordo coas condicións normais de mercado.
- Que se obteña autorización previa do órgano concedente, con indicación expresa do terceiro ou terceiros cos que se contratará e os servizos ou subministracións que poden ser obxecto de contratación.

6.4. Gastos subvencionables con solicitude previa de ofertas:

De acordo co establecido no artigo 31.3 da Lei Xeral de Subvencións, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, para o contrato menor (15.000,00 euros, IVE excluído), a persoa beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou fornezan, ou salvo que o gasto se realizou con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, ou, no seu caso, na solicitude de subvención, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

6.5. Gastos non subvencionables

6.5.1. Non poderán ser obxecto de subvención aqueles gastos que non se axusten aos conceptos nin aos períodos recollidos nos apartados anteriores, en particular na base 6.1 desta convocatoria. Non son gastos subvencionables aqueles relativos aos investimentos en bens inventariables e todos aqueles incompatibles coa natureza do crédito orzamentario.

6.5.2. Ademais, en ningún caso, serán gastos subvencionables:

- Os custos salariais e cotas de seguridade social, de traballadores ou titulares da licenza
- Provisións, indemnizacións e tributos
- Os xuros debedores das contas bancarias
- Xuros, recargas e sancións administrativas e penais
- Os gastos de procedementos xudiciais
- Impostos indirectos cando son susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda

IV. REQUISITOS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Base 7.- Requisitos dos beneficiarios

7.1. Poderán acceder á condición de beneficiario das subvencións as persoas físicas, as xurídicas, as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, estean validamente constituídas e sexan titulares dunha licenza de taxi adaptado para o transporte de persoas con mobilidade reducida ou discapacidade concedidas polo Concello da Coruña. No caso das agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado os requisitos deberán ser cumpridos por todos e cada un dos socios/as, independentemente da súa porcentaxe de participación na sociedade.

Cando se trate de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, ou privadas sen personalidade, deberán facerse constar expresamente na solicitude de subvención, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da subvención para aplicar por cada un delas/es, que terán igualmente a consideración de beneficiarias/os. En calquera caso, nomearase unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigacións que, como beneficiaria, corresponden á agrupación.

Tanto os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, como o importe da subvención para aplicar por cada un deles, faranse constar na resolución de concesión.

Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei Xeral de Subvencións

7.2. Requisitos das persoas beneficiarias

Son requisitos esixibles ás persoas beneficiarias, que deberán cumprirse na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes de subvención e manterse ao longo de todo o prazo de execución da actividade subvencionada, ademais dos previstos con carácter xeral no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións, os seguintes:

- a) Ser titular dun vehículo adaptado para o transporte de persoas con mobilidade reducida ou discapacidade
- b) Ser titular dunha licenza de taxi no municipio da Coruña
- c) Que, no seu caso, xustificasen subvencións anteriormente outorgadas polo Concello da Coruña, agás que aínda non transcorrese o correspondente prazo de xustificación
- d) Non estar incurso nalgunha das causas de prohibición para percibir subvencións establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e o artigo 42 da Ordenanza municipal para a igualdade na diversidade
- e) Que se atopen ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, e fronte á Seguridade Social e co Concello da Coruña, os seus Organismos Autónomos e Entidades de Dereito Público dependentes do mesmo.

De conformidade co artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o Concello da Coruña solicitará as certificacións que deban emitir as administracións tributarias, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, e o propio Concello da Coruña, para verificar o cumprimento deste apartado. Con todo, a persoa solicitante ou o seu representante poderán opoñerse expresamente á consulta ou obtención da documentación sinalada, debendo neste caso, presentar a documentación acreditativa nos termos previstos regulamentariamente, achegando as certificacións acreditativas oportunas.

- f) Os demais contemplados na Ordenanza Municipal específica de subvencións do Servizo de Mobilidade Urbana (BOP nº 47, de data 26 de febreiro de 2008), a Lei Xeral de Subvencións, a Lei de



Transparencia, acceso á información pública e bo goberno e a Ordenanza municipal para a igualdade na diversidade.

V.PROCEDEMENTO: INICIACIÓN

Base 8.- Procedemento: Réxime e inicio

O procedemento de concesión das subvencións obxecto da presente convocatoria tramitarase en réxime de concorrncia non competitiva.

Base 9.- Procedemento: Órgano instrutor e órgano competente para a resolución do procedemento

9.1. De acordo co establecido no artigo 18 da Ordenanza Municipal específica de subvencións do Servizo de Mobilidade Urbana (BOP nº 47, de data 26 de febreiro de 2008), a instrución do procedemento de concesión corresponde á Xefatura do Departamento municipal que ten atribuída a competencia para a xestión deste expediente, que actuará en calidade de órgano instrutor segun recolle o artigo 24 da Lei Xeral de Subvencións. Dita competencia entenderase referida á Xefatura do Servizo correspondente.

9.2. O órgano competente para a resolución será a concelleira delegada de Infraestruturas e Mobilidade, de conformidade cos acordos de delegación adoptados pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 4 de xullo de 2024 (BOP núm. 129 do 05.07.2024).

Base 10.- Procedemento: Forma, documentación e prazo de presentación de solicitudes

10.1. Presentación de solicitudes de subvención

A solicitude de subvención presentarase na sede electrónica do Concello da Coruña <https://sede.coruna.gal/sede/gl> no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín oficial da provincia da Coruña. Cando o último día do prazo sexa inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

Tamén poderán presentarse no Rexistro Xeral de Entrada do Concello da Coruña ou por calquera dos medios regulados no art. 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

10.2. Documentación das solicitudes de subvención

A solicitude de subvención deberá incluír a seguinte documentación:

a) Persoas físicas:

- DNI ou NIE da persoa solicitante

b) Persoas xurídicas:

- NIF da entidade solicitante
- DNI ou NIE da persoa que actúa en nome da entidade
- Acreditación da capacidade da persoa que asina a solicitude para actuar en nome da entidade solicitante
- Estatutos e/ou escritura de constitución da entidade, así como acreditación da inscrición no rexistro correspondente

c) Todas as persoas solicitantes:

- Solicitude (anexo I) debidamente cuberta e asinada
- Anexo III, relativo á autorización de consulta ou obtención de datos por parte do Concello debidamente cuberto e asinado. No caso de opoñerse expresamente á consulta ou obtención polo

Concello da Coruña, deberá presentar os certificados acreditativos de estar ao corrente nas súas obrigacións tributarias coa Axencia Tributaria (AEAT), o Concello e fronte á Seguridade Social.

- Certificación dos datos bancarios da persoa solicitante, con correspondencia exacta cos datos achegados polo interesado no que respecta ao nome ou denominación social, NIF e o número de conta bancaria (en formato IBAN).
- Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente, así como os documentos acreditativos do pago, dos gastos subvencionables correspondentes ao vehículo adaptado, nos termos e cos requisitos establecidos nesta convocatoria.

10.3. No caso de que os documentos esixidos xa estivesen en poder de calquera órgano do Concello da Coruña, a persoa solicitante poderá acollerse ao establecido no artigo 53.1.d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sempre que se faga constar a data e o órgano ou dependencia en que foron presentados ou, no seu caso, emitido, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan, cubrindo para ese efecto unha declaración segundo o modelo do Anexo 2.

No suposto de imposibilidade material de obter algún dos documentos, o órgano competente poderá requirir ao solicitante ou o seu representante, a presentación do devandito documento ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire, coa anterioridade á formulación da proposta de resolución.

10.4. Os documentos normalizados sinalados como "anexos" nesta convocatoria son de enchemento obrigatorio e poderán ser ampliados polos solicitantes achegando a documentación que consideren oportuna para a mellor valoración das súas solicitudes.

10.5. A persoa solicitante autoriza ao Concello da Coruña, e, en particular, á Concellería de Infraestruturas e Mobilidade, a levar a cabo cantas comprobacións considere oportunas ao obxecto de verificar ou solicitar novos datos que puidesen afectar as condicións da subvención. Se do resultado desta comprobación se puxesen de manifesto datos distintos aos manifestados polos beneficiarios, que desen lugar a concesión de subvencións, adoptaranse as medidas necesarias para corrixir e, no seu caso, reparar o prexuízo causado, con independencia da orixe do procedemento de reintegro nas condicións previstas no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

VI.PROCEDEMENTO: INSTRUCCIÓN

Base 11.- Procedemento: Instrución

11.1. O órgano instructor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

11.2. De acordo co establecido no artigo 24.3 da Lei Xeral de Subvencións, as actividades de instrución comprenderán as que se indican a continuación:

- a) Petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos por esta convocatoria específica e as demais normas que regulan esta subvención.
- b) Avaliación das solicitudes ou peticións, efectuada conforme cos criterios, formas e prioridades de valoración establecidos na norma reguladora da subvención ou, no seu caso, na convocatoria.

A norma reguladora da subvención poderá contemplar a posibilidade de establecer unha fase de preavaliación na que se verificará o cumprimento das condicións impostas para adquirir a condición de beneficiario da subvención.



11.3. Se a solicitude de subvención non reúne os requisitos establecidos por esta convocatoria, incluído o defecto, erro ou ausencia nos datos da solicitude e/ou na documentación presentada, o órgano instrutor requirirá ao interesado para que emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días hábiles, indicándolle que se non o fixese terásele por desistido da súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

11.4. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución, poderase requirir á entidade ou agrupación solicitante que achegue a información e documentación aclaratoria e complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación, e comprobación da solicitude presentada.

Base 12.- Procedemento de concesión:

As solicitudes de subvención presentadas serán avaliadas por unha Mesa de Avaliación nomeada pola concelleira delegada de Infraestruturas e Mobilidade e estará formada por persoal con capacitación, competencia e preparación adecuadas, con presenza equilibrada de ambos os sexos, cunha representación feminina de polo menos nun 40%, e coa seguinte composición:

Presidencia: Xefatura de Servizo de Mobilidade Urbana ou persoa que a substitúa nas súas funcións.

Vogal: Empregada/o público municipal pertencente ao subgrupo A1/A2 con adscrición á Concellería responsable da convocatoria.

Secretaría: Funcionario/a de carreira pertencente ao subgrupo A1, A2, C1 ou C2 con adscrición á Concellería responsable da convocatoria.

No caso de ausencia dalgunha das persoas que integran a Mesa de Avaliación, serán substituídas polas persoas funcionarias designadas pola concelleira delegada de Infraestruturas e Mobilidade.

A Mesa de Avaliación, a través do órgano instrutor, poderá requirir aos solicitantes de subvención, a información ou documentación adicional aclaratoria que, non estando en poder da administración municipal, teña fundamental relevancia e relación directa para unha mellor valoración das solicitudes.

As solicitudes, xunto coa documentación, dirixiranse ao Servizo de Mobilidade Urbana ,onde se analizarán e requirirase, no seu caso, su corrección.

Posteriormente remitiranse á Mesa para que examine o cumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria. Unha vez examinadas as solicitudes, a mesa de avaliación deberá emitir un informe no que se concrete o resultado da avaliación realizada.

Base 13.- Proposta de resolución provisional

13.1. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe do órgano Colexiado, formulará a proposta provisional, debidamente motivada, que deberá notificarse ás persoas solicitantes mediante anuncio público no taboleiro de anuncios e sede electrónica do Concello da Coruña e na páxina web municipal e concederase un prazo de dez días para presentar alegacións.

13.2. Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polas persoas interesadas. Neste caso, a proposta de resolución formulada terá o carácter de definitiva.

13.3. A proposta de resolución provisional non crea dereito algún a favor da persoa beneficiaria proposta, fronte á Administración, mentres non se notificou a resolución da concesión.

Base 14.- Proposta de resolución definitiva

14.1. O órgano instructor á vista do expediente e da documentación presentada, formulará proposta de resolución definitiva, debidamente motivada, que deberá expresar a persoa solicitante ou relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, e publicarase/notificará ás persoas interesadas que foran propostas como beneficiarias na fase de instrución, para que no prazo de dez días comuniquen a súa aceptación ou renuncia ao órgano instructor. Transcorrido este prazo sen producirse a aceptación expresa, a subvención entenderase tacitamente aceptada.

14.2. O expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instructor no que conste que da información que obra na súa poder se desprende que as persoas beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas.

A proposta de resolución definitiva non crea dereito algún a favor da persoa beneficiaria proposta, fronte á Administración, mentres non se lle notificou a resolución da concesión.

VII.PROCEDEMENTO: RESOLUCIÓN

Base 15.- Resolución

Á vista das subvencións que constan na proposta de resolución definitiva e que foron aceptadas, de maneira expresa ou tácita, o órgano competente resolverá o procedemento.

O acordo de resolución da convocatoria incluírá, ademais da relación de solicitantes a quen se lle concede a subvención, unha relación ordenada de todas as solicitudes que non sexan estimadas, con indicación da razón da denegación de cada unha delas, en función dos requisitos previstos nas bases de convocatoria.

Se renunciase á subvención algunha das persoas beneficiarias, o órgano concedente poderá acordar repartir os importes resultantes entre o resto ata esgotar o importe máximo subvencionable. Esa cantidade suplementaria tramitarase como unha nova concesión

15.1. Notificación da resolución

A resolución do procedemento notificarase ás persoas interesadas de acordo co previsto no artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. De conformidade co disposto no artigo 45.1 b), a notificación poderá ser substituída pola publicación no BOP da Coruña ao tratarse dun procedemento de concorrência, resultando os mesmos efectos.

O prazo máximo de resolución e notificación da concesión das subvencións é de tres meses, contados a partir da data de publicación da convocatoria. O período utilizado para a corrección de deficiencias e achega de documentos interromperá devandito prazo, ao amparo do artigo 22.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O vencemento do prazo máximo sen notificar a resolución, lexítima as persoas solicitantes para entender desestimada por silencio administrativo a súa solicitude de concesión da subvención.

A concesión de subvención non xera dereito algún á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Base 16.- Recursos procedentes contra a resolución do procedemento

16.1. A resolución do procedemento poñerá fin á vía administrativa

16.2. Contra a devandita resolución poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditase ou impugnala directamente ante a orde xurisdiccional contenciosa-administrativo. Con todo, non se poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produciu a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.



O prazo para a interposición do recurso de reposición será dun mes, se o acto fóra expreso. Transcorrido devandito prazo, unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, no seu caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión. Se o acto non fose expreso, as persoas solicitantes e outras posibles interesadas poderán interpoñer recurso de reposición en calquera momento para partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto.

O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será dun mes.

Contra a resolución dun recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo o devandito recurso.

VIII.OBRIGACIÓNS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Base 17.- Obrigas das persoas beneficiarias

De acordo co establecido no artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións e no artigo 7 da Ordenanza Municipal específica de subvencións do Servizo de Mobilidade Urbana, as persoas beneficiarias da subvención, obxecto desta convocatoria, estarán obrigadas a:

- a) Cumprir a finalidade e os obxectivos, executar o proxecto, realizar a/ s actividades ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención
- b) Xustificar debidamente a cantidade percibida
- c) Comunicar por escrito e motivadamente, no prazo máximo dun mes desde a notificación/publicación da concesión da subvención, calquera modificación dos datos identificativos do proxecto ou dos aspectos substanciais dos obxectivos do mesmo, para a súa aprobación
- d) Proporcionar ao Departamento xestor e instrutor do expediente a información funcional, económica e estatística que se lle requira a efectos de seguimento, avaliación e planificación, así como facilitar a realización de cantas visitas de recoñecemento considérense necesarias
- e) Facilitar a verificación da realización e xestión do proxecto, actuación ou actividade obxecto de subvención, a calquera responsable da xestión e/ou instrución do procedemento a través dos medios que se consideren máis adecuados
- f) Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración Pública, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que financien as actividades ou proxectos subvencionados. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos
- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control
- h) Reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan
- i) Facer constar explicitamente en todo tipo de publicidade e información relativa ás actividades ou proxectos subvencionados que leven difusión ou publicación, o logotipo do Concello da Coruña en idénticas condicións de visibilidade que o resto de logotipos e sinalar a colaboración do Concello no seu financiamento
- j) Os demais deberes impostos pola Ordenanza Municipal específica de subvencións do Servizo de Mobilidade Urbana, pola Lei Xeral de Subvencións, a Lei de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e a Ordenanza municipal para a igualdade na diversidade

IX.COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIÓNS

Base 18.- Comprobación das subvencións concedidas

18.1. O órgano concedente comprobará a idónea xustificación da subvención, o que determinará a concesión ou aproveitamento da mesma.

18.2. O Concello da Coruña resérvase o dereito para comprobar, polos medios que se estime oportunos, que a xustificación é correcta. Por tanto, a persoa beneficiaria quedará obrigada a facilitar canta información lle sexa requirida polo servizo xestor, a Intervención Xeral e os órganos competentes en censura de contas.

18.3. Criterios e documentación xustificativa

En relación co proceso de xustificación dos gastos deberanse ter en conta a aplicación dos seguintes criterios e a presentación da documentación adicional que se indica:

a) Xustificarse preferentemente con facturas, aínda que se poderán admitir outros documentos de igual valor probatorio admitidos no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, en orixinal ou fotocopia compulsada, ademais de incluír o número de matrícula do taxi adaptado correspondente.

As facturas e os documentos xustificativos de valor equivalente deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 6 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación.

As facturas orixinais deberán presentarse seladas pola entidade, indicando a orixe do financiamento, así como a porcentaxe da subvención do Concello da Coruña que se imputa ás mesmas, para dar cumprimento ao artigo 73 do Regulamento de Lei Xeral de Subvencións, en relación coa validación e estampillado de xustificantes de gasto. Nesta dilixencia farase constar que a factura foi utilizada como xustificante de gasto para a obtención dunha subvención do Servizo de Mobilidade Urbana do Concello da Coruña, dos gastos realizados no exercicio da actividade ou proxecto.

Por tanto, no caso de presentar fotocopias compulsadas, antes de facer a fotocopia deberá estenderse no orixinal da factura a dilixencia indicada no parágrafo anterior, da forma en que se indica no mesmo.

b) No caso de que a subvención outorgada teña destino o pago a persoas físicas que presten servizos retribuídos, a entidade beneficiaria está obrigada á retención do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF), cos límites e excepcións que establece a indicada Lei 35/2006 e Regulamento do imposto ou no seu caso, disposicións regulamentarias en vigor, debendo acreditarse o ingreso na Axencia Tributaria (AEAT) mediante os modelos 111 (declaración trimestral) e 190 (resumo anual).

c) Nos casos en que proceda a aplicación do establecido na base anterior, presentaranse fotocopia compulsada dos tres presupostos incluídos nas ofertas recibidas que, en aplicación do artigo 31.3 da LXS, debe solicitar a persoa beneficiaria cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 40.000,00 euros (IVE non incluído) no suposto de custo por execución de obra, ou de 15.000,00 euros (IVE non incluído) no caso de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos.

18.4. Acreditación do pago efectivo

Só se considera gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de vixencia que figura nesta convocatoria.

Admitiranse pagos en efectivo por importes de ata 200 euros, con IVE/IVE incluído. No caso de que o pago dun servizo estea fraccionado en varios prazos, o límite de 200 euros entenderase para o conxunto dos pagos correspondentes ao servizo, e deberá presentarse recibo no que conste que ao emisor foille satisfeito o importe, con identificación da factura á que corresponde ou ben, que no propio xustificante de gasto, o emisor do mesmo acredite responsablemente cun NIF e unha firma que recibiu o importe e a data na que o recibiu, e por tanto coa conformidade, suficientemente acreditada, do contratista ou provedor.



Concello da Coruña

En consecuencia, para acreditar a realización do pago de gastos superiores á devandita cantidade, o sistema será a transferencia bancaria ou a domiciliación bancaria dos gastos, debendo acompañar á factura ou xustificante de pago bancario (cartilla, extracto bancario, debo ou movemento bancario, orde de transferencia e/ou xustificante de ingreso efectivo na conta bancaria do beneficiario). Se o pago se realiza mediante talón ou cheque nominativo deberá presentarse ademais fotocopia do mesmo, que incluíra unha dilixencia co recibín da persoa interesada e igualmente extracto ou movemento bancario, que acredite que a/o destinataria/o o fixo efectivo.

Todos os pagos relacionados coa finalidade da subvención realizaranse, preferentemente, desde unha única conta bancaria das/dos beneficiarias/os, non podendo subvencionarse pagos realizados con cargo a contas cuxo titular non sexa a persoa beneficiaria.

Tamén se considerará efectivamente pagado o gasto, coa cesión de crédito do dereito de cobranza da subvención a favor dos acredores por razón do gasto realizado ou coa entrega aos mesmos dun efecto mercantil, garantido por unha entidade financeira ou compañía de seguros.

Base 19.- Información estatística adicional

No caso de que o Concello da Coruña o solicite, as persoas beneficiarias das subvencións deberán achegar a información estatística que se lles requira sobre os resultados das actividades ou proxectos subvencionados. Estes datos poderán versar sobre os indicadores de avaliación que estableza o Concello da Coruña, para ese efecto.

X.PAGO DAS SUBVENCÍONS

Base 20.- Pago das subvencións

20.1. De acordo co establecido no artigo 34 da Lei Xeral de Subvencións e no artigo 44 da Ordenanza Municipal específica de subvencións do Servizo de Mobilidade Urbana (BOP nº 47, de data 26 de febreiro de 2008), o pago da subvención concedida realizarase previa xustificación pola persoa beneficiaria da realización da/s actividade/é ou proxecto/s para os que se concedeu a subvención nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención.

20.2. O pago realizarase mediante un pago único e ingreso na conta bancaria indicada, pola persoa beneficiaria, na solicitude de subvención.

XI.REINTEGRO DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS

Base 21.- Reintegro das subvencións concedidas

Producirase a perda do dereito á cobranza total ou parcial da subvención concedida no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas de reintegro previstas no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións e o artigo 47 da Ordenanza Municipal específica de subvencións do Servizo de Mobilidade Urbana (BOP nº 47, de data 26 de febreiro de 2008).

Conforme se establece no artigo 46 da Ordenanza Xeral de Subvencións, cando o cumprimento pola persoa beneficiaria ou, no seu caso, entidade colaboradora se aproxime de modo significativo ao cumprimento total, e se acredite por estes unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a cantidade para reintegrar virá determinada pola aplicación do criterio único de gradación de posibles incumprimentos, que será a porcentaxe de cumprimento ou incumprimento respecto ao orzamento total da actividade ou proxecto subvencionado, debendo reintegrarse a porcentaxe correspondente á cantidade abonada e non xustificada

.Base 22.- Causas do reintegro das subvencións concedidas

22.1. O Concello da Coruña obrigará ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e á esixencia do xuro legal do diñeiro que resulte de aplicación desde o momento do abono da subvención

ata a data do reintegro, ademais de nos casos indicados no apartado anterior, cando concorra algún dos seguintes:

- a) Incumprimento total ou parcial dos obxectivos, da actividade ou proxecto, ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.
- b) Incumprimento total ou parcial do deber de xustificación ou a xustificación insuficiente nos termos establecidos no artigo 30 da Lei Xeral de Subvencións.
- c) Incumprimento do deber de adoptar as medidas de difusión contidas no artigo 18.4 da Lei Xeral de Subvencións, e á que se refire a presente convocatoria.
- d) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, así como o incumprimento das obrigacións contables, rexistrais ou de conservación de documentos, nos termos que se establecen no artigo 50 da Ordenanza Municipal específica de subvencións do Servizo de Mobilidade Urbana (BOP nº 47, de data 26 de febreiro de 2008).
- e) Incumprimento dos deberes establecidos con motivo da concesión da subvención.
- f) Calquera outra causa das previstas nos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia e no artigo 50 da Ordenanza Municipal específica de subvencións do Servizo de Mobilidade Urbana (BOP nº 47, de data 26 de febreiro de 2008)

22.2. Así mesmo, procederase ao reintegro do exceso nos supostos en que, por concesión de subvencións ou axudas doutras Administracións públicas, entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, a contía das subvencións ou axudas supere o custo total da actividade ou proxecto de que se trate.

22.3. O procedemento para o reintegro será o establecido polos artigos 41 e 42 da Lei Xeral de Subvencións e artigos 9 e seguintes do Regulamento Xeral de Subvencións.

22.4. En todo caso, durante a tramitación do procedemento de reintegro, deberá garantirse o dereito da persoa interesada ao trámite de audiencia.

22.5. En calquera momento poderá a persoa beneficiaria dunha subvención desistir ou renunciar á súa concesión, sen prexuízo das responsabilidades nas que, nalgún suposto, houbera lugar e sen que, producido xa o abono da mesma, deba procederse á súa devolución conforme o procedemento de reintegro de subvencións citado.

XII.INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

Base 23.- Infraccións e Sancións.

23.1. Constituirán infraccións en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei Xeral de Subvencións e normativa de desenvolvemento

23.2. Poderanse impoñer as sancións tipificadas nos artigos 59 a 63 da Lei Xeral de Subvencións axustándose ao procedemento sancionador previsto nos artigos 52 a 58 e 66 a 69 da citada Lei e sendo o órgano competente para a súa resolución o mesmo órgano que ten atribuída, por delegación da Xunta de Goberno Local, a competencia para resolver a concesión e abono das subvencións, a concelleira delegada de Infraestruturas e Mobilidade.

XIII. COMPETENCIA PARA APROBACIÓN DAS BASES E RECURSOS CONTRA AS MESMAS

Base 24.- Competencia.

24.1.- A aprobación das bases é unha atribución da Xunta de Goberno Local en virtude do disposto no artigo 127 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local que foi delegada na



concelleira delegada de Infraestruturas e Mobilidade en sesión celebrada o día 04.07.2024 (B.O. da provincia da Coruña número 129 do 05.07.2024). Contra a resolución de aprobación, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer de maneira potestativa recurso de reposición, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que o adoptou, ou interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o xulgado da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Nos dous casos, computarase o prazo para partir do día seguinte ao de publicarse oficialmente o acordo de aprobación das bases no BOP.

24.2.- A competencia para aprobar as bases implica tamén ostentala para o seguinte:

- a) Interpretar e desenvolver o establecido nas presentes bases reguladoras da convocatoria, así como para a corrección dos erros materiais, de feito ou aritméticos existentes na mesma, de acordo co establecido no artigo 109.2 da 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- b) Ampliar o crédito destinado á devandita convocatoria conforme o previsto na base 3.3. das que rexen a convocatoria, sempre que exista crédito adecuado e suficiente.
- c) Realizar cantos actos, trámites ou xestións sexan precisos para a execución e bo fin do acordado polas presentes bases de convocatoria.

XIV. TRANSPARENCIA

Base 25.- Datos de carácter persoal

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, os datos persoais facilitados polas persoas solicitantes quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade do Concello da Coruña co obxecto de xestionar o presente procedemento. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais destes ficheiros poderanse exercer ante o Rexistro Xeral do Concello da Coruña (Praza María Pita, núm. 1, 15001, A Coruña), nos termos establecidos nos artigos 13, 14, 15 e 18 da citada Lei,

Base 26.- Transparencia

De conformidade coa Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno e o artigo 15.2. c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a relación provisional e definitiva de persoas beneficiarias da subvención publicarase no taboleiro de edictos e na páxina web municipal e na do servizo de mobilidade, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade, previa disociación dos citados datos conforme á normativa aplicable.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3. b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, transmitirase á base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto para o Diario Oficial da Provincia da Coruña.

A Coruña, na data de firma dixital que consta no documento

O xefe do departamento de Mobilidade

ANEXO 1

SOLICITUDE DE SUBVENCIONS

A/A: Concellería de Infraestruturas e Mobilidade

Convocatoria: AXUDAS PARA O MANTEMENTO E COMPENSACIÓN DOS GASTOS DE TAXIS ADAPTADOS A PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA DURANTE O EXERCICIO 2024.

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

Nome ou denominación social:

NIF:

Domicilio social:

CP:

Teléfono:

Móvil:

Correo Electrónico:

En caso de comunidades de bens, sociedades civís e agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, porcentaxe de participación de cada un dos seus membros:

<u>Nome y apelidos</u>	<u>Porcentaxe</u>

Representante (no seu caso)

Nome:

NIF:

EXPON: Que a vista da **CONVOCATORIA ESPECÍFICA DE AXUDAS PARA O MANTEMENTO E COMPENSACIÓN DOS GASTOS DE TAXIS ADAPTADOS ÁS PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA DURANTE O EXERCICIO 2024**

SOLICITA: que lle sea concedida unha subvención de _____ euros para _____

Para o que se presentan os documentos requeridos e de cuxa veracidade dou fe e

DECLARO: Que cumpro a totalidade dos requisitos esixidos nas bases desta convocatoria e na normativa de referencia.

A Coruña, de de



ANEXO 2

DECLARACION DE DOCUMENTACIÓN XA ENTREGADA PREVIAMENTE NO CONCELLO DA CORUÑA POLA ENTIDADE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:		
Denominación ou razón social:		
NIF:	Domicilio social:	
Localidade:	Provincia:	Cód. Postal:
DATOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL DA PERSOA SOLICITANTE:		
Nome e apelidos:		DNI/NIF:
En calidade o cargo directivo:		

En relación coa **CONVOCATORIA ESPECÍFICA DE AXUDAS PARA O MANTEMENTO E COMPENSACIÓN DOS GASTOS DE TAXIS ADAPTADOS ÁS PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA DURANTE O EXERCICIO 2024**

DECLARA:

Que a seguinte documentación relativa á entidade arriba indicada, xa consta no Concello da Coruña presentados en data e no órgano ou dependencia en que foron presentados ou emitidos, que se indican a continuación, e non sufriron modificación ou transcorrido o seu prazo de validez (5 anos desde a finalización do procedemento ao que corresponda)

[Marcar cunha [X] o recadro correspondente]

- ☐ Certificación dos datos bancarios da persoa solicitante (orixinal expedido pola entidade bancaria) con indican da conta en formato IBAN.
- ☐ Fotocopia compulsada do número de identificación fiscal (NIF).
- ☐ Fotocopia do DNI e apoderamento do/da representante legal de la persoa solicitante.

Documento	Data de presentación ou emisión	Órgano ou Dependencia Municipal de presentación ou emisión
Certificación datos bancarios (IBAN):		
NIF da entidade:		
DNI e apoderamiento do/a Representante legal:		

E para que conste e surta os efectos consecuentes, expide a presente declaración no lugar e data que se indican a continuación.

Lugar e data:

En _____, a _____ de _____

A persoa solicitante ou representante [Indicar nome e apelidos e DNI/NIF]

Fdo. D./D^a:

DNI/NIF:

ANEXO 3
DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don/Dona

NIF:

con domicilio en:

en nome propio ou en representación de (tache o que non proceda):

con NIF:

con domicilio en , na rúa:

formulo as seguintes declaracións en relación coa **CONVOCATORIA ESPECÍFICA DE AXUDAS PARA O MANTENIMENTO E COMPENSACIÓN DOS GASTOS DE TAXIS ADAPTADOS ÁS PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA DURANTE O EXERCICIO 2024**

DECLARACIÓN RESPONSABLE en relación con non estar incurso en ningunha das prohibicións establecidas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003 para obter a condición de beneficiario de subvencións:

- a) Non ser condenado mediante sentenza firme a pena de perda de posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- b) Non ter solicitada a declaración de concurso, ser declarado insolvente en calquera procedemento, atoparse declarado en concurso, estar suxeito a intervención xudicial ou ser inhabilitado conforme á Lei Concursal sen que conclúise o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- c) Non dar lugar, por causa da que fose declarado culpable, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.
- d) Non estar incurso a persoa física, os administradores de sociedades mercantís, aqueles que ostenten a representación legal doutras persoas xurídicas ou calquera dos membros de comunidades de bens ou outras agrupacións de persoas nalgún dos supostos da Lei 3/2015, do 30 de marzo, Reguladora do Exercicio do Alto Cargo da Administración Xeral do Estado, da lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño de Réxime Electoral Xeneral, nos termos establecidos na mesma ou na normativa autonómica que regule estas materias.
- e) Atoparse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- f) Non ter residencia fiscal nun país ou territorio cualificado como paraíso fiscal.
- g) Non ter pendente o pago de obrigacións por reintegro de subvencións.
- h) Non ser sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Lei Xeral de Subvencións ou na Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei Xeral Tributaria.
- i) Cumpre co requisito previsto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro de Protección Xurídica do Menor e no artigo 8.4 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de Voluntariado.

DECLARACIÓN RESPONSABLE sobre outras subvencións en relación co obxecto da subvención solicitada, declaro:

- ☐ Que non obtiven ningún tipo de subvención doutras administracións públicas, entes públicos ou privados, ou de particulares, nacionais ou internacionais.
- ☐ Que obtiven as seguintes subvencións doutras administracións públicas, entes públicos ou privados, ou de particulares, nacionais ou internacionais:



Concello da Coruña

Entidade	Concepto	Contía concedida

☐ **NON AUTORIZO** ao Servizo de Mobilidade Urbana do Concello da Coruña:

- A comprobar polos medios que estime oportunos, os datos de carácter fiscal que obren nas bases ou ficheiros de datos do Concello da Coruña.

☐ **AUTORIZO** ao Servizo de Mobilidade Urbana do Concello da Coruña a que obteña de forma directa os certificados acreditativos de que a entidade está ao corrente nas súas obrigacións coa Axencia Tributaria (asinar anexo 4), a Seguridade Social e co Concello, coa finalidade de realizar a tramitación, o recoñecemento, seguimento e control desta solicitude.

Mediante a presente declaración manifestó que coñezo que os datos facilitados poden resultar obrigatorios para a xestión e tramitación do expediente, e comprométome a comunicar no menor prazo de tempo posible ao Servizo de Mobilidade Urbana calquera variación dos datos manifestados co fin de actualizalos. O Servizo de Mobilidade Urbana, en tanto non se comunique o contrario, entenderá que os datos proporcionados son exactos e actuais.

Por parte do representante legal asinante ou calquera outra persoa interesada poderanse exercer os dereitos que lles asisten de acceso, rectificación, cancelación e oposición na forma legalmente prevista, remitindo comunicación ao Servizo de Mobilidade Urbana.

Advertido das responsabilidades legais que se derivan por falsidade en documentos administrativos e, en particular, a esixencia do reintegro da subvención máis os intereses de demora correspondentes, sen prexuízo da tramitación do correspondente expediente sancionador, asino a presente

A Coruña, na data da sinatura electrónica do presente documento.

ANEXO 4

**AUTORIZACIÓN DE PERSONA INTERESADA PARA QUE O CONCELLO DA CORUÑA POIDA OBTEN DATOS
DA AGENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA**

A/s persona/s abaixo firmante/s autoriza/n ao

CONCELLO DA CORUÑA

a solicitar da Agencia Estatal de Administración Tributaria os datos relativos

TIPO DE INFORMACIÓN

☒ Estar ao corrente das obrigacións tributarias

☐ Nivel de renta

☐ Imposto sobre actividades económicas

☐ Outros

para comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos no seguinte

PROCEDIMIENTO

**CONVOCATORIA ESPECÍFICA DE AXUDAS PARA O MANTEMENTO E
COMPENSACIÓN DOS GASTOS DE TAXIS ADAPTADOS ÁS PERSOAS CON
MOBILIDADE REDUCIDA DURANTE O EXERCICIO 2024 (expediente
851/2024/21)**

A presente autorización outórgase exclusivamente para os efectos do recoñecemento, seguimento e control dos requisitos establecidos no procedemento administrativo mencionado anteriormente e en aplicación do disposto no artigo 95.1 k) da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, que permite, previa autorización do interesado, a cesión dos datos tributarios que precisen as Administracións Públicas para o desenvolvemento das súas funcións.

A.- DATOS DO INTERESADO/S

NIF

Apellidos e nome / Razón social



B.- DATOS DO AUTORIZADOR

(SÓ NO CASO DE QUE SEXA UNHA PERSOA XURÍDICA Ou UNHA ENTIDADE DO ARTIGO 35.4 DA LEI XERAL TRIBUTARIA)

NIF

Apellidos y nome

Actúa en calidade

Lugar, data e firma dos interesado/s e, autorizador, no seu caso

A Coruña, a de de 2024

NOTA: A autorización concedida polo asinante pode ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido ao organismo solicitante.

NORMATIVA:

- Artigo 95.1.k) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.
- Artigo 2.4 da ORDE do 18 de novembro de 1999 pola que se regula a subministración de información tributaria ás Administracións Públicas para o desenvolvemento das súas funcións, así como os supostos contemplados no artigo 113.1 (actual 95.1) da Lei Xeral Tributaria.